

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de setembro de 2023**

Ás 17.00 horas do día 21 de setembro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. José Miguel Pérez Blecua

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada do Grupo Popular dona Martía Teresa Barge Bello, que é substituída por don José Miguel Pérez Blecua.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN.-

De acordo co previsto nos artigos 135 e 138 do ROF, onde se dispón que a válida realización das sesións das comisións informativas require a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da comisión, titulares ou suplentes, en primeira convocatoria (e un mínimo de tres membros en segunda convocatoria unha hora máis tarde, e que en todo o non previsto serán de aplicación as disposicións sobre funcionamento do pleno, unha vez constatada a existencia de quórum suficiente, declárase validamente constituída a comisión.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A ACTIVACIÓN DUN PLAN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2023/2024.-

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pon en valor o esforzo económico que teñen que facer as familias con motivo do inicio do curso escolar e a carga económica que isto supón. Engade que algúns concellos teñen ordenanzas nas que recollen axudas, e tamén o ten o Concello de Ourense, e considera que son cativas as axudas da Xunta de Galicia e a Deputación tamén podería facer un esforzo neste sentido. Dá lectura a continuación da parte dispositiva da moción achegada.

D.ª María Xosé Mangana Guede, do BNG, indica que o BNG vai facer reserva de voto. Ten certas dúbidas respecto da moción do Grupo Socialista, e pensan que esas axudas se deberían encargar nos concellos. Indica que o van valorar.

D.ª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, indica que van facer unha reserva de voto. Van estudar a proposta e están recadando informes para ter un debate máis completo no Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), DO (2) e BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que a Deputación de Ourense poña en marcha un plan de axudas con vocación de permanencia para a adquisición de libros e material escolar dirixido ás familias do alumnado de calquera nivel educativo non universitario (infantil, primaria, secundaria e bacharelato) empadroadado en concellos ourensáns de menos de 20.000 habitantes para este

mesmo curso escolar 2023/2024. Toda vez que o curso actual xa está iniciado, as axudas pagaranse con efecto retroactivo.

SEGUNDO.- Que a contía destas achegas oscile entre os 100 e 250 euros sendo beneficiarias as unidades familiares con ingresos inferiores ao 3 do Indicador Público de Renda a Efectos Múltiples (IPREM). O IPREM en 2023 é de 8.400 euros anuais, co cal, se o multiplicamos por tres, a cifra é de 25.200 euros: se as unidades de convivencia non superan este monto son elixibles para solicitar a axuda.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR POLA IGUALDADE DE TODOS OS ESPAÑOIS.-

D.^a Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, indica que como representantes políticos defenden os intereses políticos da provincia de Ourense, e por iso traen esta moción. Queren que haxa igualdade para todos, pensando no interese desta provincia, nunha situación tan excepcional como a que temos neste momento. A continuación dá lectura a parte dispositiva da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, indica que fan reserva de voto para o Pleno.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, indica que este é un debate máis ideolóxico que propositivo, e fai unha alegación política. Comezando polo título da moción recóllese a expresión “pola igualdade de todos os españois”, considera que tamén debería incluír ás españolas, que aínda que é un termino xenérico, hai unha Lei de igualdade que obriga a unha linguaxe inclusiva e deberían figurar as españolas. Fai referencia aos territorios nos que o PP está pactando con partidos de extrema dereita, que van en contra da igualdade das mulleres. Chámalle atención que só se fale de españois, e destaca que o ideal sería que esa igualdade fora de todas as persoas. Non entende porque se pon o marco nos Perineos ou nas concertinas de Melilla. Destaca que só se fixaron nos artigos da Constitución que lle interesan, e suxire outras lecturas sobre igualdade económica e social, como O Capital de Marx-Engels, ou a de “Homo sapiens” e “Homo deus” do autor israelí Yuval Noah Harariun, que falan da evolución do pensamento, e do culto ao líder e a priorización do ben social. Tamén recomenda a lectura da Constitución, no artigo 27, que recolle o dereito á educación universal, o artigo 35 o dereito ao traballo e a remuneración xusta e o artigo 37, sobre o dereito a unha vivenda digna. Pero en clave española, aclara que o BNG é unha organización política nacionalista, e indica que o nacionalismo defende uns valores que son exactamente os que promulgan a igualdade, a xustiza social, o antibelicismo e solidariedade entre todos os pobos e nacións. Indica que son

internacionalistas e poñen o marco no Padornelo, non en valados nin muros, e priorizan os intereses de Galiza, fronte todo o demais. Engade que queren un país próspero e igualitario e así contribúen a que o sexa España e todo o mundo. Sinala que acreditan que o poder político dun pobo e indelegable e iso significa que pretenden que o poder de decisión política sobre os intereses sexa o máis preto da nosa cidadanía, que sexa en Galiza e non en Madrid. Pon o exemplo do reparto da auga en España, sinalando que a produción hidroeléctrica de Galiza representa o 24% do total de España, e Madrid representa so o 1,5% de España. Tamén pon o exemplo dos parques eólicos, que en Galiza temos 187 en marcha máis 84 que están intentado montarse, total 271, mentres que en Madrid hai 0 parques eólicos e nós pagamos a luz máis cara que en Madrid. Conclúe que temos que empezar por nós mesmos.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que non ve o interese desta moción para a provincia de Ourense. Parécelle “bochornoso” traer esta moción a esta Comisión. Escóitanse comentarios.

O **Sr. presidente** pide respecto a todas as intervencións e que non se interrompan. Pide que ninguén interrompa.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, continúa dicindo que lle preocupa que a liña editorial desta Deputación a sigan marcando persoas que non deberan marcar a dita liña. Négase a entrar no fondo da moción e solicítalle ao Sr. presidente que a retire e non vaia ao Pleno.

O **Sr. presidente** sinala que non é o estilo que nos gustaría traer a estes plenos. Pero estamos ante unha situación excepcional. Pedir a igualdade non é ningún bochorno. As razóns polas que se piden poden ser mellores ou peores. Non se discuten cuestións como igualdade de homes e mulleres. Leccións de igualdade di que poucas. Consideran que teñen a lexitimidade democrática e considera que é unha moción acaída porque se está falando de financiamento, e defende a igualdade de Ourense e de Galicia. Por tal motivo a traen aquí. Conclúe dicindo que non son máis nin menos que ninguén. Sinala que non a retira e a defende.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que o martes pode saír elixido presidente o Sr. Feijoo.

O **Sr. presidente** pide respecto

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), o voto en contra do BNG (2) e a abstención do Grupo Socialista (4) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Recoñecer que España é unha nación de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións.

SEGUNDO.- Rexeitar calquera proxecto que trate de romper a igualdade ou de recoñecer privilexios a cidadáns ou territorios en calquera parte de España e que atinxe ao disposto pola Constitución española.

TERCEIRO.- Propoñer un gran acordo nacional que afronte os principais desafíos que temos: a rexeneración institucional, o estado de benestar, os fundamentos da nosa economía, un pacto polas familias, un pacto pola auga e un pacto territorial.

CUARTO.- Urxirlle ao Goberno a que propoña un modelo de financiamento Autonómico que garanta os principios de igualdade e solidariedade e que sexa froito do acordo entre todos. Rexeitar calquera privilexio unilateral á marxe do acordo entre todas as CCAA.

QUINTO.- Reclamarlle ao Goberno que garanta un marco de financiamento de concellos, deputacións e cabidos baseado na suficiencia, a solidariedade e a equidade.

SEXTO.- Darlles traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e Ministerio de Traballo e Economía Social, ao Ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.24 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

